

Cando se produciu a sublevación militar en 1936, milleiros de mulleres e homes, comprometidos coa legalidade e cos valores cívicos e sociais que representaba a República, foron perseguidos, inhabilitados, torturados, encarcerados ou tiveron que partir cara o exilio, nunha viaxe, para algúns, sen retorno. Durante anos, o silencio acompañou a todas estas vítimas da represión –e ás súas familias– nun exercicio de esquecemento absolutamente inxusto, por defenderen as súas ideas de liberdade.

Nos últimos anos, diversos colectivos e asociacións, investigadores e investigadoras iniciaron un traballo de recuperación da historia da represión, para tratar de pór fin a tantos anos de desmemoria. Mais cumpre o recoñecemento institucional das/os represaliadas/os e a súa rehabilitación moral, política e xudicial, sen odio e sen rancor, sen axustes de contas. Transcorridos setenta anos desde aqueles tráxicos acontecementos, o esclarecemento do pasado, a dignificación e as homenaxes para elas e eles, contribuirán ao pago desa débeda histórica neste ano 2006 declarado polo goberno galego como Ano da Memoria.

Nos concellos do Barbanza, como noutras zonas da Galiza, onde houbo unha forte represión –asasinatos, fuxidas ao monte, exilio, cárcere, depuracións, incautación de bens, familias rotas–, o Libro da Memoria tampouco se pode pechar: fican páxinas por encher e, sobre todo, fica o recoñecemento institucional como expresión do compromiso inequívoco coa democracia. É unha obriga ética. A historia non se pode mutilar: nomes, biografías, feitos, a vida, en definitiva, de tantas e tantos represaliados deben ser coñecidas, non só pola recuperación dese pasado senón tamén por un futuro en concordia. | [Aurora Marco](#)



CONCELLO DE BOIRO



CONCELLO DE PORTO DO SON



CONCELLO DE RIANXO

# BARCODA MEMORIA

## SEMANA DA

# MEMORIA

## NO BARBANZA



2006 Ano da  
MEMORIA



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE CULTURA  
E DEPORTE

Dirección Xeral de Creación  
e Difusión Cultural

# SEMANA DA MEMORIA NO BARBANZA | BARCO DA MEMORIA

**Sábado | 5 de agosto**

**Peirao de Rianxo**

**12:00 h** | Acto institucional da apertura Semana da Memoria no Barbanza

- Declaración institucional, homenaxe aos prisioneiros republicanos e aos caídos na guerra.
- Recital e presentación do libro editado pola Xunta de Galicia *Poemas pola memoria*, coa presenza dalgún autor participante na colectiva como Xesús Rábade Paredes e Helena Villar Janeiro.
- Apertura da exposición *Os mártires do mar. A represión franquista contra os mariñeiros galegos*.
- Ofrenda floral.
- Viño galego a autoridades e convidados.

**20:30 h** | Presentación do libro *Saúde e República. Rianxo (1930-1936). Política e Sociedade*, de Xesús Santos e Xosé Comoxo, editado polo Concello de Rianxo. A continuación, relatorio *Os campos de concentración nas comarcas de Sar, Muros-Noia e Arousa Norte*, a cargo dos investigadores Xesús Santos Suárez e Xesús Costa Rodil

**22:00 h** | Proxección do documental de Antonio Caeiro *Aillados*.

**22:30 h** | Concerto musical a cargo do grupo A Quenlla.

**Domingo | 6 de agosto**

**Rianxo**

**11:00 h** | Apertura da exposición.

**12:00 h** | Mesa Redonda/Charla coloquio con Xosé Luís Axeitos, Isaac Díaz Pardo e Xesús Alonso Montero.

**20:30 h** | Proxección documental *Os tempos do Wolfram*.

**Luns | 7 de agosto**

**Peirao Cabo de Cruz**

**12:00 h** | Apertura da exposición.

**20:30 h** | Estrea oficial do documental inédito feito no concello de Boiro: *A Guerra Civil en Boiro*.

**21:15 h** | Charla cos autores onde explicarán o proceso creativo e vivencial que supuxo este documental.

**Martes | 8 de agosto**

**Peirao Cabo de Cruz**

**20:30 h** | Relatorio á cargo da profesora e escritora Aurora Marco. *A participación das mulleres no movemento guerrilleiro dos anos 40 en Galiza*.

**21:30 h** | Actuación musical de Sonia Lebedynski (cantante de Fía na Roca)

**Mércores | 9 de agosto**

**Peirao de Ribeira**

**12:00 h** | Recepción do Barco da Memoria.

**12:30 h** | Proxección de *Aillados* de Antonio Caeiro

**20:00 h** | Relatorio a cargo do historiador Xosé Antonio Fernández: *As voces da memoria: Ribeira da II República á Represión*.

**21:00 h** | Saída até Insuela e homenaxe, a bordo, aos fuxidos e represaliados na Guerra Civil.

**Xoves | 10 de agosto**

**Peirao de Portosín**

**12:00 h** | Recepción do barco e apertura da exposición.

**19:00 h** | Relatorio *O 36 en Noia e Portosín*, a cargo do historiador Xerardo Agrafoxo sobre os primeiros días da represión nestas vilas da Ría de Muros e Noia.

**20:00 h** | Presentación do *Cartafol da Memoria 5: O balandro María Teresa e o comercio marítimo entre Vigo e Porto do Son no século XX*, de Manuel Mariño del Río.

**Venres | 11 de agosto**

**Peirao de Portosín**

**19:00 h** | Relatorio do escritor Xosé María Monterroso Devesa. *Emigración e exilio na Galicia de 1936*.

**20:00 h** | Peche da Semana coa actuación musical de Estíbaliz Espinosa.